



Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo ( Lugo)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección de auxiliar de dous empregos de auxiliar de policía local, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía núm. 2021-0063 do 10 de maio de 2021.

Vista a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, a convocatoria das probas físicas da fase de oposición, para o día 4 de xuño de 2021, xunto co nomeamento do tribunal e asesor externo, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía núm. 2021-0076 do 28 de maio de 2021. Nesta resolución nomébase como Asesor Externo do Tribunal Cualificador, ao Técnico Deportivo do Concello de Mondoñedo, Raúl González-Redondo Ares.

Visto que D. Raúl González-Redondo Ares, causou baixa por Incapacidade Temporal o día 29 de maio de 2021, o que lle vai impedir realizar as súas funcións de asesoramento o vindeiro 4 de xuño, día da realización das probas físicas.

Visto que este concello contactou coa Técnica de Deportes do Concello de Barreiros D.<sup>a</sup> Lara Martínez Fraga, que está disposta a participar o vindeiro 4 de xuño de 2021 neste proceso selectivo, na súa calidade de asesora externa en deportes.

Por outra banda, visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Comun das Administracións Públicas, permite que estas de oficio ou a instancia dos interesados poidan rectificar en calquera momento os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto que na citada Resolución da Alcaldía núm. 2021-0076 do 28 de maio de 2021, non se advertiu que os/as **candidatos/as deberán presentarse provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa que permita a identificación do candidato/a.**

Con base no anterior, e nas facultades conferidas pola lexislación vixente,

### RESOLVO

**Primeiro.-** Debido ás circunstancias concorrentes citadas na parte expositiva, modificar a Resolución da Alcaldía núm. 2021-0076, do 28 de maio de 2021, no que se refire á designación como membros do Tribunal Cualificador, de xeito que

Onde di :

**“Terceiro.-** Designar como membros do Tribunal Cualificador:

*Presidente: Manuel Barro Díaz (Policía Local do Concello de Mondoñedo)*

*Secretaria: María Remedios Rego Villalba (Secretaria-Interventora)*

*Vogais:*

*María Pilar Gayoso Rifón (Funcionaria Administrativa do Concello de Mondoñedo)*

*María Concepción Crespo González (Funcionaria Auxiliar Administrativa do Concello de Mondoñedo)*

*David Cornide Rivas (Policía Local do Concello de Mondoñedo)*

*Asesor externo: Raúl González-Redondo Ares (Técnico Deportivo)”*

Debe dicir:

**“Terceiro.-** Designar como membros do Tribunal Cualificador:

*Presidente: Manuel Barro Díaz (Policía Local do Concello de Mondoñedo)*

*Secretaria: María Remedios Rego Villalba (Secretaria-Interventora)*

*Vogais:*





Praza do Concello, 1  
27740 Mondoñedo ( Lugo)

*María Pilar Gayoso Rifón (Funcionaria Administrativa do Concello de Mondoñedo)*  
*María Concepción Crespo González (Funcionaria Auxiliar Administrativa do Concello de Mondoñedo)*  
*David Cornide Rivas (Policía Local do Concello de Mondoñedo)*  
*Asesora externa: Lara Martínez Fraga (Técnica de Deportes do Concello de Barreiros)”*

**Segundo.-** Debido ás circunstancias citadas na parte expositiva, rectificar de oficio o erro de feito advertido no punto quinto da parte dispositiva da Resolución de Alcaldía núm. 2021-0076, do 28 de maio de 2021, de tal xeito que

Onde di:

**“Quinto.- Convocar aos candidatos/as incluídos o vindeiro venres 4 de xuño de 2021 ás 09:30 h. no pavillón municipal de deportes de Mondoñedo, (Viñas da Veiga, s/n, 27740 Mondoñedo). Os candidatos deberán vir provistos de mascarilla hixiénica e recomendase roupa deportiva.”**

Debe dicir:

**“Quinto.- Convocar aos candidatos/as incluídos o vindeiro venres 4 de xuño de 2021 ás 09:30 h. no pavillón municipal de deportes de Mondoñedo, (Viñas da Veiga, s/n, 27740 Mondoñedo). Os candidatos deberán vir provistos de mascarilla hixiénica e recomendase roupa deportiva. Así mesmo, os/as candidatos/as deberán presentarse provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa que permita a identificación do candidato/a.”**

**Terceiro.-** Ordenar a publicación desta resolución na sede electrónica do concello, e na páxina web municipal.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, na data de sinatura  
O Alcalde-Presidente

A Secretaria-Interventora accidental

Manuel Ángel Otero Legide

María Remedios Rego Villalba

(documento asinado dixitalmente á marxe)

